



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 881 996 358 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

**Asunto. Notificación resolución.
Expediente ELECTORAL 127-128-
129-130/2018.**


Xunta Electoral Federación Galega de
TIRO OLÍMPICO

Como secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva notifícolle a resolución adoptada polo Comité o 9 de novembro de 2018.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2018.

Jorge Barros de la Peña

Secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva





Reunido en sesión plenaria o Comité Galego de Xustiza Deportiva, en data 9 de novembro de 2018, adoptou por unanimidade dos seus membros o acordo de resolución do procedemento instruído no marco do expediente (acumulado) **127/2018; 128/2018; 129/2018 e 130/2018** con base nos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O 2 de novembro de 2018, con entrada no Comité Galego de Xustiza Deportiva o día 2 de novembro de 2018 e nº 245, a Federación Galega de Tiro Olímpico (en adiante FEGATO) remite recurso electoral presentado por **D. Julio Rivas Iglesias** (en adiante FEGATO) presidente do club de tiro San Froilán, en calidade de membro da Asemblea Xeral da FEGATO, contra a elección a membros da Comisión Delegada da FEGATO celebrada o 27 de outubro de 2018. Solicita que se anule a elección dos membros da Comisión Delegada dos clubs de precisión e que se convoque aos 16 clubs de precisión para que elixan de entre os seis candidatos aos dous representantes que lles corresponden na Comisión Delegada e, tamén, que se nomeen aos representantes do terzo de outros estamentos da Comisión Delegada, debendo celebrarse eleccións para elixir ao representante dos deportistas de precisión.

Segundo.- O 2 de novembro de 2018, con entrada no Comité Galego de Xustiza Deportiva o día 2 de novembro de 2018 e nº 245, a FEGATO remite recurso electoral presentado por **D. Eduardo López López**, en calidade de membro da Asemblea Xeral da FEGATO. Solicita que se anule a elección dos membros da Comisión Delegada dos clubs de precisión e que se convoque aos 16 clubs de precisión para que elixan de entre os seis candidatos aos dous representantes que lles corresponden na Comisión Delegada.

Terceiro.- O 2 de novembro de 2018, con entrada no Comité Galego de Xustiza Deportiva o día 2 de novembro de 2018 e nº 245, a FEGATO remite recurso electoral presentado por **D. Luis Ángel López Rodríguez**, en calidade de membro da Asemblea Xeral da FEGATO. Solicita que se anule a elección dos membros da Comisión Delegada dos clubs de precisión e que se convoque aos 16 clubs de precisión para que elixan de entre os seis candidatos aos dous representantes que lles corresponden na Comisión Delegada.



Cuarto.- O 2 de novembro de 2018, con entrada no Comité Galego de Xustiza Deportiva o día 2 de novembro de 2018 e nº 245, a FEGATO remite recurso electoral presentado por **D. Carlos Bermudez Cociña**, en calidade de membro da Asemblea Xeral da FEGATO. Solicita que se anule a elección dos membros da Comisión Delegada dos clubs de precisión e que se convoque aos 16 clubs de precisión para que elixan de entre os seis candidatos aos dous representantes que lles corresponden na Comisión Delegada.

Quinto.- Este Comité, vistos os motivos de impugnación, este Comité, na súa reunión de 2 de novembro de 2018, acordou admitir a trámite os recursos 127/18, 128/18, 129/18 e 130/18, así como a súa **acumulación** ao ter igual contido, conforme ao previsto no art. 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e que, de conformidade co establecido no art. 53 do Decreto 16/2018, debía tramitarse polo procedemento que en materia electoral federativa se regula nos arts. 55 e segs. do Decreto 120/2013, de 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Sexto.- Mediante Providencia de 2 de novembro de 2018 e de acordo co previsto no art. 61.3 do Decreto 120/2013, deuse traslado do recurso e documentos acompañados ao Presidente da Xunta Electoral da FEGATO para que de xeito urxente no prazo máximo de 5 días hábiles remitise o expediente e informe, cumprindo o disposto no Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia.

Mediante escrito de data 6 de novembro de 2018, que tivo entrada neste Comité o 7 de novembro de 2018, a Xunta Electoral da FEGATO procedeu a remitir a documentación requirida.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Unico.- Sobre a resolución do recurso presentado

Nos mesmos interesan “que se anule la elección de los miembros de la Comisión Delegada de los clubs de Precisión. Por ser elegidos sus representantes por los clubs de plato”. Vinculada a esta pretensión, instan que se convoque aos 16 clubs de precisión membros da asemblea xeral da FEGATO para a elección dos representantes que lle corresponden na comisión delegada. E, por último, tamén se solicita que se nomeen aos representantes do terzo doutros estamentos da comisión delegada para a elección do representante dos deportistas de precisión.



A xunta electoral, no informe remitido a este Comité, indica que “procede de conformidade co que establece o Regulamento electoral para a elección dos membros da Comisión Delegada” e alude ao contido do vixente Regulamento electoral na parte relativa á elección de membros da comisión delegada que “establece claramente a representación dos estamentos electos na Comisión Delegada: entidades deportivas e demais estamentos”. E que “a elección dos membros da Comisión delegada, por entidades deportivas, procedeuse a súa elección, de conformidade co que establece o Regulamento electoral. Os representantes das entidades deportivas que presentan esta reclamación, incomprensiblemente, non exerceron o seu dereito ao voto. No que se refire á elección dos membros da Comisión delegada polos demais estamentos, non se realizaron votacións ao coincidir o número de candidaturas ao membros a elixir” citando o establecido no Regulamento electoral.

Da confrontación entre as alegacións dos recursos e o contido do Regulamento electoral aplicable non se aprecia que exista algunha circunstancia invalidante da elección de membros da comisión delegada. Dito Regulamento, no que se refire á representación electa na comisión delegada, alude expresamente “ás entidades deportivas” e que a súa elección sexa “por e de entre os mesmos”; no mesmo tamén se establece o modo de presentar candidaturas e se prevé a posibilidade dunha elección automática no suposto de que se presentase un número inferior de candidaturas aos postos a elixir. Dado o contido do Regulamento electoral non se aprecia que neste caso se procedese en contra do establecido no mesmo debendo sinalarse tamén que non está contemplado o *modus operandi* para a realización da elección, tal e como se defende nos recursos.

Polo tanto, e considerando que non existiu impedimento para que os recorrentes poidesen exercer os seus dereitos electorales e que no recurso se fai alusión a circunstancias hipotéticas (relativas a que “*podría darse* a circunstancia de que los clubes de plato quedaran sin representante porque podían haber salido tres clubes de precisión” o que “a xunta electoral non proclamou os representantes de outros estamentos, *pero si chegara a proclamar (...)*”) e que non se aprecian incumprimentos do Regulamento electoral aplicable, non procede a anulación da elección a membros da comisión delegada da FEGATO.

Polo exposto anteriormente,

o Pleno do Comité, previa deliberación e debate polos membros que o conforman, por unanimidade, **ACORDA** desestimar os recursos presentados por **D. Julio Rivas Iglesias, D. Eduardo López López, D. Luis Ángel López Rodríguez, D. Carlos Bermudez Cociña** contra a elección a membros da Comisión Delegada da FEGATO.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Comité Galego de Xustiza Deportiva

Rúa Madrid, nº 2-4, 2º, Fontiñas
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno: 881 996 358 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.gal

galicia

Contra esta resolución pódese interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da mesma, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Don Jorge Barros de la Peña, secretario do Comité Galego de Xustiza Deportiva,

CERTIFICA:

Que no Pleno do devandito Comité en sesión celebrada o día 9 de novembro de 2018 na cidade de Santiago de Compostela, se acordou a referida resolución, o que lle notifico a Vd. na súa condición de parte interesada para o seu debido coñecemento e cumprimento.

En Santiago de Compostela, a 9 de novembro de 2018.

